

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández, a M^a del Carmen Soler do 23/12/1980

Colección:

Data: 23/12/1980

De:

Manuel Meilán Martínez;

Para:

Lois Tobío Fernández; M^a del Carmen Soler;

Orixe:

Abella 2124, ap. 2 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete. Ao final da carta hai un texto manuscrito que continúa na marxe esquerda do folio, dirixido a María del Carmen [esposa de Lois Tobío] e asinado por Chela [esposa de Manuel Meilán].

Mencionados:

Antón Alonso Ríos; Xesús Canabal; Castelao; Domingo García-Sabell; Valente Paz-Andrade; Ramón Piñeiro; Rodolfo Prada;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández, a M^a del Carmen Soler do 23/12/1980

Montevideo, nadal 23 de 1.980

Siñor Don:
Luís Tobío
Bonetero, 5
MADRID.-(España)

Benquerido Tobío:

No seu tempo recibín a súa afeutuosa carta do 27 de outubro ppdo., e os dous exemplares da súa tradución dos "Sonetos a Orféu", como eisi tamén o seu saúdo pra "Sempre en Galicia".- Por todo elo moitas gracias, sobor todo pola súa amical dedicatoria.- Canabal supoño xa lle terá acusado recibo o exemplar que me mandou pra íl.-

Non lle contestéi denantes por que estiven doente internado no sanatorio da "Casa de Galicia", unha fístula operada en xunio e que aínda non tiña cedido, houbo necesidade de outra pequena intervención quirúrxica que, dispóis, comprouse con un problema prostático, felizmente superado sin operación.- Xa me sinto como novo, "xoven" e con azos pra seguir na loita pola vida ...

Antonte o noso pobo decidéuse pola autonomía, non con moitas ansias.- Elo e moi lamentabel, pois si o estatuto votado ten imperfeccións, penso que sempre habrá tempo pra reformalo é que elo e millor xa tendo aprobado que non correr o risco de outros cinco anos máis pra unha nova votación.- Saíu, i elo, a quenes vimos loitando por conquistar pra Galicia unha autonomía que a libere da sangría da emigración e dunha economía dirixida dende Madrid, siñifica un trunfo a pesares da indefrencia amostrada na votación.- Que sexa pra ben, e a xeñeración vindeira reciba de nós unha Galicia farturenta en todos os órdenes.-

Fágoo enteirado do pasamento de Alonso Ríos e do benquerido amigo Prada.- Ista perda doeume moito, sobor todo a de Prada, a quen estiven cinguido en amizade e galeguidade por máis de medio século.- Entros documentos importantes sobor de Galicia que deixou atopouse os orixinaes de "Sempre en Galicia", cunha disposición de que "foran pro museo ou biblioteca que en Galicia se destiña a recordar a memoria de Castelao".- O fillo, que foi quen me informou, díme tamén que lle escribén a un curmán que ten en Galicia, o inxenheiro Lama Prada, pra que falase cos amigos do pai -Piñeiro, García Sabell, Paz Andrade etc.-, pra que estudien ou dispoñan donde depositalos pois dí que a íl, que radica en Chile dende fai moitos anos, faiselle difícil gardalos coa seguridade que esixe un documento de tanta importancia e trascendencia.-

O seu saúdo pra "Sempre en Galicia" xa foi dado a coñecemento dos nosos ouvintes.-Espero que, cando teña vagar, nos recorde con outro traballo.-

Boas festas de Nadal e ventureiro ano 1.981 pra sua dona cos mes afeutuosos saúdos é pra vosté con unha agarimosa aberta do seu decote amigo,
Meilan [sinatura autógrafa]

[Nota manuscrita ao final da carta asinada por Chela [muller de Manuel Meilán]:

Sra. María del Carmen: como le informó Manolo le habíamos hablado a sus primos. Hoy íbamos a hacer lo mismo para darles noticias de ellos; pero se adelantó y fué él que lo hizo, están bien y nos

reiteró que luego de estos días de calor le gustaría que fuéramos a su casa para ver las fotos de sus viajes. Nos han sido simpáticos y con gusto iremos a verlos. Espero que estén bien de salud y que pasen estas fiestas con felicidad y que el 81 sea de dicha. Saludos para su esposo e hijos y para Ud. un abrazo de Chela [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.